


**INFORMACIÓN  
E  
NORMAS**

# 4º EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS)



## O CENTRO

Horario: de 9:30 a 14:30

Teléfono: 982 393 410


Correo electrónico: [ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.gal](mailto:ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.gal)

Páx. web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceiplaverderuiz>




## CALENDARIO ESCOLAR

- As actividades lectivas realizaránse do día 9 de setembro do 2021 ao 22 de xuño de 2022, ambos inclusive.
- No período de adaptación, que non se prolongará máis alá do día 21 de setembro, será posible que haxa un horario diferente para permitir a incorporación progresiva dos nenos e nenas á escola. Este horario será transmitido ás familias en setembro, antes do comezo dos nenos e nenas.
- Os períodos de vacacións serán os seguintes:
  - Nadal: 22 de decembro 2021 ao 7 de xaneiro 2022, ambos inclusive.
  - Entroido: 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo.
  - Semana Santa: dende o 11 ao 18 de abril de 2022, ambos inclusive.
  - Día do ensino: 11 de outubro de 2021.
  - Faltan por recoller os 2 días non lectivos a elixir polo centro que se decidirán e informarán en setembro de 2021.



**Curso 2021- 22**



## COMUNICACIÓN FAMILIA- ESCOLA

Equipo de  
Educación  
Infantil

- Tutorías: O horario para as tutorías será os martes de 15-00 a 16.00h
- As comunicacións faránse a través do correo electrónico que vos facilitará cada un/unha dos/as titores/as. Ademais contamos ca aplicación ABALAR para notas informativas e entrega de boletíns xunto co emprego de chamadas telefónicas que o/a titor/a realizará cando considere necesario.

## MERENDAS

A media mañá teremos a rutina da merenda. Co fin de fomentar unha alimentación saudable desde idades temperás mandaremos a comezo de curso un calendario de merendas.


Dita merenda virá nun táper lista para comer xunto cunha botella de auga pequena na mochila/ bandoleira que irá e virá diariamente ao cole. Cando se traia froita deberá vir mondada e troceada se fixera falla.

## ANIVERSARIOS


Se a situación sanitaria o permite, celebraremos a festa dos aniversarios de forma mensual. A última semana de cada mes festexaremos os aniversarios dos nenos/as que cumbran anos nese mes. Non fai falla que traian nada para esta celebración.

Compartiremos algunha merenda especial organizada polo centro, na aula. (en setembro voltaremos a falar sobre isto valorando a situación COVID do momento).

O propio día do aniversario do/a alumno/a faremos na aula unha coroa individual e un libro de agasallo que levará para casa de recordo.



Curso 2021- 22



## ENFERMIDADES

- Cando un neno/a está enfermo/a NON pode vir ao cole. Para evitar contaxios os alumnos/as teñen que quedar na casa ata que se recuperen totalmente.
- No cole non se administran medicamentos e no caso de non asistir a clase é necesario traer xustificante médico.

## XOGUETES



Non se permite traer xoguetes á esola. So poden traer contos para ver na asemblea ou algún material para o proxecto de aula CANDO O/A TITOR/A ASÍ O SOLICITE e coas medidas oportunas que considere.

## ROUPA

Recomendamos que os nenos/as vistan roupa cómoda que lles permita a súa autonomía tipo chándal ( con goma), SEN CINTOS nin tirantes e calzado SEN CORDÓNS (con velcro ou cremalleira).

A roupa SEMPRE co nome posto e cunha cinta ou goma ampla para que se poida colgar na percha.

- Todos/as os/as alumnos/as teñen que traer o MANDILÓN de cor VERMELLA, con botóns, e tamén unha gorra (co seu nome, que vai quedar na clase).
- Non traer paraugas.
- O/A titor/a informará a comezo do curso sobre qué tipo de mochila/ bandoleira é a que precisa.



## CONTROL DE ESFÍNTERES



É fundamental que o neno/a controle esfínteres. Non se mudará aos nenos/as no caso de que se fagan pis ou caca. Chamaráse ao número de contacto para que o/a veñan a mudar.

## ENTRADAS E SAÍDAS



- Hai que ser puntuais atendendo aos horarios establecidos para a entrada (de continuar coa situación sanitaria actual, comunicárase calquer cambio no horario de entrada a comezos de curso). Os/as pais/nais, non poden acceder ás aulas e se por algún motivo o/a neno/a ten que saír do centro durante o horario lectivo hai que pasar por dirección e cubrir unha solicitude de saída.
- No caso de que outra persoa, distinta á habitual, veña a recoller a/o nena/o será OBRIGATORIO INFORMAR á titora deste cambio puntual detallando nome e apelidos do/a persoa que o/a recolle así como a relación co/a neno/a (tío/a, avó/a, pai/nai doutro/a alumno/a...etc).
- Á hora de ir ao comedor e tamén nas saídas en Infantil, sempre saímos uns 10/ 15 minutos antes para non coincidir co alumnado de Primaria.
- Dispoñemos dun sistema de "tarxetas" que van e veñen diariamente ao centro para informar aos docentes da saída do alumnado. As tarxetas usaránse se o/a neno/a se queda a comer no centro. De ser así, debes colgar no pescozo do/a neno/a a tarxeta que nos diga se despois de comer o vides a buscar á porta de saída, se vai en bus, se queda a ludoteca ou se, por mor da COVID, temos dous turnos de comedor como ocorreu de forma excepcional este curso, come no primeiro turno e se queda ata ás 15.00.

\*\* En setembro, dende o centro, facilitaremos estas tarxetas.



**Consellos a seguir  
polas familias  
para favorecer  
o proceso de  
adaptación.**

- Falar da escola de maneira positiva ("vas a ter moitos amigos, o/a mestre/a conta contos, cantaredes cancións...")
- Non facer comentarios negativos do colexio nin utilízalo como ameaza ("xa verás cando vaias ao cole...").
- Favorecer a autonomía do/a neno/a traballando hábitos de hixiene (ir so/soa ao baño, limparse so/soa), vestido (poñer e quitar a roupa) e a alimentación (comer so/soa e de todo).
- Potenciar valores como o de compartir, explicándolles que a aula é un lugar onde todo é de todos/as).
- Acostumar aos/ás nenos/as a cumprir normas e a ter límites na casa para favorecer a relación cos iguais.
- Preparar aos/ás nenos/as para estar sen familia durante un tempo, deixando que queden con outros familiares ou amigos.

**Suxerencias para  
os primeiros  
días de cole.**

- Chegar puntual respectando os horarios de entrada para que non perdan rutinas comúns.
- Sempre que sexa posible é importante que o pai/nai leven ao/á neno/a ao cole (non delegar noutras persoas).
- As despedidas deben ser curtas: un bico, unha aperta...etc.
- Evitar as chantaxes afectivas ("non chores que vou a estar triste") e a mentira ("mamá ven agora", "agardo aquí fora").
- Recoller os/as nenos/as con puntualidade para evitar desgustos inútiles, tendo en conta que os primeiros días se lles fan moi longos.
- Valorar os traballos que poidan levar á casa, interesarse por todo o que aconteceu, facerlles preguntas... etc.
- Vestir aos/ás nenos/as con roupa cómoda (pantalóns con goma, zapatillas con velcro...).

Estas normas teñen como obxectivo a boa organización e funcionamento do Equipo de Educación Infantil e van en beneficio de todos/as, en especial dos nenos/as de esta etapa. Por este motivo contamos coa vosa colaboración no respecto e cumprimento destas normas e recomendacións.

**Benvid@s!**

**Curso 2021- 22**

